

A vida no meu poboado semella ir a mellor...

Algunha estrela das moitas que brillan, penduradas alá arriba, no inmenso ceo tinguido da cor brillante do ouro e da area do monótono deserto, acordouse de min e está facendo que mude o meu destino, aquí na miña terra, na dos meus pais, na dos meus avós... Ou na de ninguén, tal como din os rapaces maiores...!

Todo parece ir mellorando, pouco a pouco, despois do durísimo inverno, para as poucas familias que aínda quedamos neste campamento que domina a entrada do gran mar de area dourada que, a moi pouca distancia de aquí, comeza a ser o reinado das inmensas ardentes dunas.

Choveu incesantemente durante dous longos meses e desbordouse o pequeno arroio que flúe alí abaixo, nas aforas do noso lugar que, noutro tempo, segundo di o avó, fora un rico poboado... Diso debe haber moitos anos.

As fortes chuvias torrenciais, que, segundo a feiticeira, non viñan sendo nada máis ca un recado de Alá, anoxado porque os mozos do lugar estaban a marchar en fuxida, para moi lonxe, sen idea de volver a estas terras, foron destruindo día tras día o gran silo onde se gardaban as reservas de millo e arroz para as vindeiras estacións.

Deberían durar ata a outra recolección para a que faltan, aínda, catro ou cinco meses.

—Foran construídos, aqueles almacéns do gran, con grandes adobes de barro e palla, que eles mesmos amasaran..., polos nosos antepasados, hai centos de anos, e soportaran, moitas veces, o terrible siroco traizoeiro e as fortes treboadas ata o de agora... e ata as bombas dos continuos enfrontamentos cos pobos veciños do outro lado das montañas de area... —explicoume había pouco o avó.

—Logo... por que os levou a auga...?

—Pequena Nadia... a ira de Alá non hai quen a pare, nin forza que a deteña e... o anoxo dos deuses é máis forte que toda a forza dos homes e das mulleres.

O meu ancián avó sabíao todo, todo...

O mestre da nosa pequena escola, Karim, di que as persoas maiores como o meu avó son enciclopedias andantes e vivas; que gardan máis ciencia e saber que todos os libros que el tivera que estudar, cando de novo, para poder ser mestre das escolas primarias do meu país.

Como, nun instante, pode mudar todo!

Nos días seguintes ás chuvias flotaba a tristura no poboado e o silencio reinaba no aire mentres a fame agardaba sentada nas portas das nosas vellas casas de barro.

Todo está feito de barro no meu poboado. Será esa a razón pola que a miña nai di que o noso é un lugar fermosamente monótono. Eu non entendo ben o que quere dicir...

Na busca de algo que levar á boca para tentar enganala, baixo con frecuencia coa miña amiga Soraia ata o pequeno arroio onde as palmeiras se alzan maxestosas cara ao ceo, sorteando as últimas nubes preguiceiras. Os dous cans que lle trouxera o seu pai da feira de Zagora corríaban arredor nosa atrás dalgunha lagosta fuxidía, cando, de súpeto, se botaron a ladrar e a correr desesperados coma se a víbora do deserto viñese tras deles, asasina...

—Nadia!... Olla a nube de po... —a Soraia berrou case no meu oído sen decatarse que estaba pegada a ela. Tanta emoción lle produciu aquela escura xigantesca nube reseca de po barrento que ía ascendendo cara ao ceo desde a estreita pista que vén da afastada cidade.

Levanteime axiña e puiden comprobar que era certo...

Alí viña a tan ansiada nube de borrallo...! Na estación das chuvias xamais viña ninguén por aquí...

Subimos polo camiño ata o poboado con toda a présa que a emoción nos permitía:

—A camioneta! A camioneta...! —repetíamos emocionadas.

Axiña correu a voz polo poboado enteiro e comezaron a saír todas as xentes ás portas das súas casas medio en ruínas, cos seus ollos tristes pero desexosos de comprobar que era verdade... e que, ao fin e pola graza de Alá, chegaba aquel vello camiión como caído dos ceos...

Aisha correu ao interior da nosa casa para preparar unha boa pota de té e agasallar ao condutor e logo, despois del, a todos os veciños que o quixesen compartir. Abofé que todos virían diante da casa a sentarse a carón da porta porque a miña nai é a máis querida do poboado e, ao mesmo tempo, a máis nova. Case parecía a miña irmá maior ou, cando menos, iso lle dicían todos. Seguramente tamén tiña algo que ver niso que eu son moi miudiña e non aparento os anos que teño. Todos rin cando me preguntan, con sorna, a ver se xa vou á escola... A min non me importa porque sei que as persoas maiores todas me aprecian e sempre me chaman para facer os recados...!

Cando algunha muller se pon de parto... alí está a miña nai, que debe ser algo así como a comadroa, cando hai que pintar e ataviarse para algunha cerimonia importante:

—Aisha terías que vir pola miña casa para pintarme...

E alí acode onde alguén o precise. Dela aprendín eu que sempre se debe axudar a todos, princi-

palmente ás persoas maiores. Esa sería a razón pola que lle puxeran o seu nome que na miña lingua significa algo así como, 'a forte', 'a viva...'

Agardamos todos reunidos xunto ao pozo de auga fresca no medio do que antano fora a praza do poboado, deste lugar que albergou a máis de cincocentas persoas, das que só quedamos agora menos de medio cento.

Todos se foron marchando de aquí, fuxindo da fame, da miseria, das febres...!

O vello camión, case desfeito, comezou a subir a costa que conduce ás nosas casas...

—Non pode subir... Imos empurralo... —berrou algunha muller.

Todos corremos coma se algún resorte invisible nos obrigase a tirarnos costa abaixo. Empurramos e axiña o tivemos no medio da praza. Cando os nenos e as nenas subimos á caixa ante a mirada compracente do chofer, aquel home de pel denegrida polos anos e polo sol, coa súa cabicha sempre entre os beizos, que igual conducía o camión có vello autobús, xa sen cristais nas fiestras e case sen portas, que pasaba por aquí, polo fondo da costa nos primeiros días de cada mes para traer algún veciño ou algunha carta... Na estación das chuvias case nunca viña porque, segundo el, non había maneira de chegar sen que, aos perigos de sempre, se engadise o de quedar atrapado na lama sen poder ir para adiante nin para atrás...

—Agardade pequenos! Non teñades présa que vai haber para todos... —mentres nos pasaba a man

polo pelo facéndonos cóxegas...-. Antes de comezar tomaremos unha taciña de té... que moi ben recende...

Sentamos cos maiores sen chistar.

Calquera que nos vise non pensaría que a fame non era veciña nosa, vendo o tranquilos que nos encontrabamos todos arredor daquela enorme pota de té. Xa estabamos tan afeitos ás necesidades de alimento, de medicinas, ao frío, á calor... que un pouquiño máis non podería importar moito.

Axiña comezou o reparto, que, segundo nos explicara a última vez que estivera aquí, viña de Europa especialmente para nós e que os que se encargaban de recollelos eran rapaces coma nós ou máis pequenos.

Cantas cousas debían ter para mandar todo isto a estas afastadas terras, para unhas xentes que, ademais, non coñecían de nada...!

Como algún día coñecese a algún europeo había de darlle as grazas e pintaríalle as puntas dos dedos de cor vermella para que non me esquecese xamais!

As puntas dos dedos só llas pintamos aos amigos...

As nosas nais fóronse colocando en dúas ringleiras para ir collendo aqueles paquetiños de arroz, de garavanzos, de fabas, de fariña de millo, de saborosas latas de peixe en conserva que tanto nos gustaban... No aire corría unha fresca brisa de ledicia e, por fin, ía rematar a fame durante unha boa tempada.

Logo tocounos a nós, aos rapaces..., para recoller aqueles lotes de caderniños, de lapis, de cores, de follas brancas...

Que sorte tiven! Por fin este ano tocoume unha caixiña de cores, todas as cores que eu vira no arco da vella. Viñan poucas caixas destas nos cargamentos, seguramente quedarían para os nenos da vila. Tamén me deu un caderno grosa, enorme, semellante ao que tiña a miña amiga Soraia, a filla do mestre, que o mercara cando, hai semanas, foran á cidade.

Xa tiña o meu, tan devecido, caderno! Sabia moi ben o que ía facer con el...!

Pediríalle permiso ao mestre para non levalo á escola e deixalo na miña casa, gardadiño. Na escola empregaría como ata agora, aqueles papeis brancos que lle mandaban a el nun paquete grande e dos que había que aproveitar ata o derradeiro anaco.

—Logo para que o queres na túa casa? —preguntou sorprendido e coa incredulidade reflectida no seu rostro, mesturado cunha pinga de sorpresa.

Eu vin, de súpeto, perigar a miña ilusión por un intre.

—Se a vostede non lle importa... Quería telo alí, para facer un diario como o que está a escribir a súa filla Soraia —respondín nomeándolle á súa pequena porque sabía que, ante ese argumento, abrandaría, se era o caso de que non fose xa, fácil de abrandar de seu.

Ten un corazón moi grande o mestre Karim. Desde que veu destinado para aquí non volveu mar-

char, el foi o que ensinou o pouco que puideron aprender todos os mozos, as nosas nais, os nosos pais...

Non dixo nada, só sorriu mentres alisaba o seu rizo cabelo longo e o botaba para atrás. Nunca se anoxaba e sempre falaba baixiño. Ás veces rifaba cos mozos maiores ca nós porque preferían ir cazar no canto de acudir á escola a pesar de que ningún deles sabía ler nin escribir ou, cando menos, moi pouquiño.

—Non estariades mellor aquí aprendendo un pouco, que o saber... é bo para todo?

—Iso non serve para nada, mestre —respondíanlle sempre—. Iso é para os máis pequenos.

Ningún deles fora capaz de rematar coa primaria e nós non creo que a rematásemos tampouco porque había que faltar máis a miúdo do que desexabamos. Como os maiores non se arranxaban sós, tiñamos que axudarlle a amasar e a pisar aqueles adobes de barro e palla para ir arranxando as vellas casas ou levantando pequenos muros novos. A min nunca me gustou este traballo porque me fai doer moito os pés, sobre todo cando se crava algunha palliña rebelde na miña pel...

O mestre calaba. Sempre calaba e sorría cando sabía de antemán que os seus razoamentos non ían ser o suficientemente convincentes... aínda que lle debía doer moi fondo, nalgún recanto, alí dentro, no corazón... pois ben sabía que se algún día marchaban fóra... ían precisar saber moitas cousas para



podérense defender ante todos os perigos que sempre os ían estar asexando.

Antes de vir el, nin había escola tan sequera.

Eu estaba moi leda. Tamén se poría bo o avó que levaba dúas semanas deitado no catre de palla, envolto nunha manta sen parar de suar e delirar a todas horas, polo que a súa filla Aisha lle estaba a poñer, pacientemente, na fronte panos húmidos fríos sempre que chegaba á casa. Ás veces mandábamo facer a min. El sempre mo agradecía cun sorriso.

A enfermeira do poboado, que viña unha vez por semana montada na súa motocicleta marrón, cando o viu, dixera que eran as febres e que non se podería facer nada ata que chegara o cargamento coas medicinas de Europa. Ela non tiña con que sandalo.

Agora coas medicinas poríase ben e, aínda por riba, Mulai, o meu pai, volvería xunto nosa para que-darse, pois no pequeno taller da cidade onde traballaba pagábanlle unha miseria ... Eu non entendo diso pero oínlle dicir un día que só lle daban cen dirham por xornada de traballo, e tiña que traballar, desde que saía o sol ata que se poñía.

—Así nunca poderei xuntar unhas poucas moedas... —dicía a miúdo.

Se todo ía ben estaría con nós cando eu cumprise os doce anos para prepararme unha gran festa...

Segundo o avó, deixaría axiña de ser unha nena para converterme nunha mulleriña.



Coas cores de madeira que gardei coma un tesouro na miña caixiña, rematei de pintar o cartón esbrancuxado do gran caderno que será o meu diario.

A miña nai di que me quedou precioso con esa palmeira que crece xunto ao pozo coas dunas de fondo cheas de todos os tons avermellados, marelos, laranxas e violetas do amencer destas montañas de area que semellan non acabar en ningures...

Que ía dicir ela?... Que van dicir sempre as nais de todo o mundo...?

Algunhas veces érgome moi cedo para contemplar como se espreguiza o sol tras o veciño deserto que din que empeza aquí, no meu poboado.

O avó Ismael contoume que en todos os lugares do noso país que percorreu cando estaba alistado no exercito do rei, nunca vira un amencer tan fermoso, colorido e celestial como o que, desde aquí, se pode contemplar acotío.

Desde agora, nestas virxes follas brancas gravei todos os meus recordos, pechados no estoxo de latón onde agachei o marfil dos dentes que me caeron para facer un colar cando sexa maior e o pano de seda que me regalou a avoíña antes de morrer, hai anos, daquela febre asasina.

Alí, no latón que, un día, nos deran na camioneta cheo de doce de marmelo, os meus segredos estarán a salvo baixo a pechadura de ébano que o avó preparara...

El sábeo abrir! Mais non me importa porque sequera sería capaz de tocalo. Eu coñezoo ben...

Pero non todo é fermoso na miña vida... ás veces, na silenciosa noite do poboado, esperto suando sobresaída coa mestura das fortes emocións que se arremuíñan na miña pequena cabeza.

Entrelázase a emoción e o desacougo do regreso de Mulai, o meu querido pai que vai para seis meses que non vexo nin sinto como as súas fortes mans me agarran pola cintura e me elevan preto das nubes... Que seguridade sinto ao seu carón!

Nesa mestura aparece a gran festa que van celebrar na miña honra e todo o que virá detrás...

Prodúceme ganas de chorar a última reunión familiar diante da vella casa de barro na sombra da lona que Mulai colocara para protexernos do sol ardente cando a circuncisión do meu irmán Nair, acabados de cumprir os sete anos. Cantamos e bailamos durante toda a tarde coas mellores roupas que Aisha gardaba no baúl para as grandes ocasións

e para as cerimoniais relixiosas. Ata viñera o meu tío Saíd que, ao pouco tempo, marchou para Europa, só, sen compañeiros, sen familia.

Ás veces escribe e di que vai estar aquí, tamén na miña festa cun bo agasallo. Como se non chegase abondo coa súa presenza!

É o meu tío preferido. Mágoa que soamente estea entre nós algunha que outra tempada!

Non quero sequera pensar que despois da festa de aniversario... talvez unha mañá calquera teña tamén eu que pasar ese amargo momento por non sei que razóns da virxindade e da pureza.

Pregunteille á miña nai se a ela tamén lla fixeron cando nena. Ela nunca me responde. Coloca con dozura a súa man enriba dos meus cabelos e tenramente ráscame na cabeza.

Sei que son moi nena para comprender estas cousas, do mesmo xeito que non dou entendido, como algún día... o meu pai me podería vender ou entregarme en matrimonio a un home calquera ao que eu non quixese.

Coñezoo ben e estou segura de que el non vai ser capaz... Mulai non!

Desde o mesmo día da festa farei, orgullosa como a miña nai, os rezos nada máis erguerme para axudar despois a amasar o pan e preparar o té para o almorzo, antes de marchar a traballar fóra, alá xunto ao arroio na pequena horta coa terra case sempre reseca, de onde sacamos os poucos alimentos que,

na recolección, traemos para a casa. Terei que carrexar os bidóns de auga desde o pozo ou ireinos encher ao oasis, montada no noso burriño branco, cando o pozo e o regato estean secos.

—Non quero crecer, miña nai, non quero...  
—queixareime un día ante Aisha por todas as preocupacións que me invaden.

Ela, como sempre, sorrirá e darame unha forte aperta ou collerame no colo como cando de pequeniña, pasaramme a doce man polo lombo e polo rostro, alisaramme o meu longo cabelo negro e deitaramme un bico morno cos seus beizos de rosa e esqueceranse todas as miñas inquedanzas.

—Nunca me separarei de ti porque es a mellor nai do mundo – direille.

Sen máis palabras que turben este momento fundirémonos nun longo abrazo que dure eternamente.

Non poderei escribir tantas cousas xuntas no meu, case sen empezar, diario, senón axiña vou rematar as follas... ademais teño que buscar ao meu irmán Naír, que logo vai anoitecer e leva todo o día baixo das palmeiras de xunto á estrada co seu cesto cheo de dátiles, tentando venderllos aos turistas que pasan camiño das dunas, nas caravanas de camelos ou nos luxosos autos que veñen, algunha vez, a gran velocidade preto do poboado e nunca se deteñen.

Se non vou por el, non poderá volver só co pesado cesto de vergas case cheo. Case nunca se

deteñen a comprar! Co saborosas e frescas que están estas froitas que os rapaciños lles tentan vender!

Os turistas europeos prefiren esas latas quentes de cores que traen gardadas e despois deixan tiradas, cando non lles serven, na beira da pista de barro e area...